

ANUNCIO do 6 de setembro de 2023, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común de Serra de Mirandela, Paleira, Arriba de Salvaráns e Caxigueira, concello de Castroverde (Lugo). Expediente 5DES_2020

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do monte veciñal en man común de **Serra de Mirandela, Paleira, Arriba de Salvaráns e Caxigueira** con propiedades particulares, presentada o 30.7.2020 pola comunidade de **Mirandela**, propietaria do monte.

Con data 31.8.2023 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable relativo a esta proposta.

Contra o deslindamento proposto, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta.

Lugo, 6 de setembro de 2023

Mª Olga Iglesias Fontal
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

